

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE MICROSOFT IBÉRICA, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A AMTEGA PARA O USO DA FERRAMENTA OFFICE 365 POLOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA

Antecedentes

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDAD Y FORMACIÓN PROFESIONAL (en diante, A CONSELLERÍA) é o departamento da Xunta de Galicia ao que corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino reglado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

A Amtega, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes competencias e funcións: a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Pola súa banda, MICROSOFT IBÉRICA forma parte do Grupo Microsoft, referencia a nivel mundial no referente á investigación, desenvolvemento e implantación de tecnoloxías da información, que dedica especial interese aos aspectos das ditas tecnoloxías que se refiren á educación. MICROSOFT

IBÉRICA ten, así mesmo, o firme compromiso de colaborar activamente cos poderes públicos na tarefa tarefa de facilitar o acceso dos centros de ensino españoles ás últimas tecnoloxías.

Razóns de oportunidade e obxectivos

O obxecto do convenio é facilitar a adopción polos centros educativos galegos de ferramentas de software innovadoras, entre elas e de forma gratuíta la ferramenta online Office 365, co obxectivo de promover o desenvolvemento da sociedade do coñecemento, a alfabetización dixital e a formación especializada en tecnoloxías da información través de entornos educativos avanzados, así como estimular o avance e desenvolvemento de actividades en centros educativos, en relación coas últimas innovacións de software no sector das tecnoloxías da información.

A través do presente convenio establécese a o marco de colaboración para a posta a disposición por parte MICROSOFT IBÉRICA do acceso aos centros educativos galegos á ferramenta online Office 365 (unha innovadora plataforma de colaboración educativa de Microsoft na nube), así como a posta a dispor da AMTEGA e da CONSELLERÍA por parte de MICROSOFT IBÉRICA de servizos sen cargo que contribúan a unha adopción efectiva da ferramenta antedita.

O presente convenio non supón achega económica ningunha por parte de la AMTEGA y de la CONSELLERÍA.

Con base nas consideracións anteriores, considérase adecuada a tramitación da presente relación como convenio de colaboración, ao non estar presente a nota de onerosidade propia dos contratos administrativos.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2019

O xerente

José Luis Somoza Digón



